



O **Grupo Municipal do Partido Popular de Carballo**, ao amparo do disposto no artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal, a celebrar en data 27 de novembro de 2017, a seguinte

### **MOCION**

Con data 28-01-2014 formalizouse o **Contrato de servizos enerxéticos e mantemento con garantía total das instalacións de alumado público exterior mediante un contrato mixto de subministro e servizos do Concello de Carballo, adxudicado a FERROSER INFRAESTRUCTURAS, S.A. Y FERROVIAL SERVICIOS, S.A. UNION TEMPORAL DE EMPRESAS.**

Este contrato, segundo as afirmacións dos membros do goberno municipal do BNG, e sinaladamente do señor Alcalde, ía representar un importante aforro económico para as arcas do Concello.

Pero o tempo veu amosar a realidade da situación: en todos os consellos parroquiais foron constantes as reclamacións de reposición de puntos de luz que foron eliminados, inclusive en lugares como parada de transporte escolar ou cruces, co incremento do perigo que esa situación provocaba.

Tamén son constantes as queixas da cidadanía de Carballo pola escasa intensidade do alumado no casco urbano. O parque infantil do centro, o parque do Rego da Balsa, ou a rúa do Sol son exemplos desta eiva.

O Alcalde de Carballo ven de anunciar o investimento de 150.000 euros para a adquisición de novos puntos de luz, pero en ningún momento explicou cantas unidades se poden mercar con esa cantidade económica, nin o lugar de colocación ou os criterios que se van valorar para a reposición.

Por todo elo o Grupo Municipal do Partido Popular de Carballo presenta para a súa aprobación polo Pleno a seguinte moción:

O Goberno Municipal atenderá as solicitudes de reposición de puntos de luz que se lle fixeron chegar a través de reclamacións presentadas no Concello ou dos Consellos Parroquiais, nos lugares que se precise por motivos de seguridade ou necesidade. Asemade, fará un estudo das necesidades de alumeado do casco urbano, para repoñer puntos ou axeitar a luminosidade, de xeito especial en pasos peonís, e outras zonas perigosas.

Carballo, a 22 de novembro de 2017

Asdo.) Aurelio Núñez Centeno

Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular.